



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 19 DE MAIO DE 2023

Ás 11:00 horas do día 19 de maio de 2023, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 15 de maio de 2023, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D^a. Patricia Rodríguez Calviño

Vocais: D^a. María Isabel Fernández Gabriel, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica
D^a. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral
D^a. Pilar Alonso Cacheiro, suplente do xefe do Servizo de Administración Electrónica (asiste aos puntos 2a e 6a)
D. Jesús Núñez-Torrón López, xefe da Área de Benestar Social (asiste aos puntos 2b e 4a)
D. Rubén Peña Barceló, xefe do Servizo de Deportes (asiste aos puntos 5a, 5b, 6b, 6c e 10a)

Secretaria: D^a. Dolores Sotelo Gallego

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

2.- Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro do equipamento necesario para a actualización do hardware da plataforma de almacenamento e arquivado corporativa do Concello de Vigo (9987-113)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co único licitador presentado. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

Admitir neste procedemento a EDNON, S.L. por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.

b) Procedemento aberto para a contratación da prestación de servizos de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 18:26	Páxina 1 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5AD4E-C2D52C-4B26DD-RQVU4Q-BZLHG8-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



formación nas instalacións municipais do "Centro de formación" da Concellería de Política de Benestar Social, na rúa Alta nº 23 (248390-301)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
 1. ADECCO FORMACION, S.A.U. (Lotes 2 e 3)
 2. FLEXIPLAN, S.A. EMPRESA DE TRABAJO TEMPORAL (Lote 3)
 3. FORGA (Lote 1)
 4. FORGAL FORMACION Y CONSULTORIA, S.L. (Lote 3)
 5. FORMACION Y NORMALIZACION, S.L. (Lote 3)
 6. FOROX INNOVACION, S.L. (Lotes 2 e 3)
 7. FUNDACION ESPLAI CIUDADANIA COMPROMETIDA (Lote 2)
 8. MAGNAFOR QUALITAS, S.L. (Lote 1)
 9. UTE NORFORMACIÓN S.L. - NAVAXIL, S.L. (cunha porcentaxe de participación dun 95 % e 5 %, respectivamente) (Lote 1)
 10. NORFORMACIÓN S.L. (Lote 3)
 11. NT FOR LEARNING, S.L. (Lotes 2 e 3)

- b) Outorgar un prazo de tres días aos seguintes licitadores para que poidan emendar a documentación presentada segundo o esixido no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación:
 1. CENTRO DE FORMACIÓN ICA, S.L. (Lote 1): deberá presentar novamente o DEUC correspondente ao presente procedemento xa que o presentado pertence a outra licitación doutro órgano de contratación.
 2. G12 GRUPO EMPRESARIAL DE SERVICIOS, S.L. (Lotes 1, 2 e 3): deberá presentar novamente o Anexo II debidamente cumprimentado e completo xa que ao presentado fáltalle a última cláusula do punto g) Declaración de Ausencia de Conflito de Interese (DACI).

4- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto para a contratación da prestación de servizos de formación nas instalacións municipais do "Centro de formación" da Concellería



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 18:26	Páxina 2 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5AD4E-C2D52C-4B26DD-RQVU4Q-BZLHG8-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



de Política de Benestar Social, na rúa Alta nº 23 (248390-301)

Retírase da orde do día por requirirse emenda a dous dos licitadores presentados.

5.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante xuízo de valor nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de medallas e trofeos para o desenvolvemento da promoción da práctica deportiva no ámbito das actividades deportivas desenvolvidas na Cidade de Vigo (22448-333)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador admitido. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

A continuación entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo de Deportes o 12 de maio de 2023 de valoración do sobre B "proposición avaliada mediante xuízo de valor" que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos para o desenvolvemento dos servizos técnicos e docentes para as piscinas cubertas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e dos servizos para impartir ensinanzas e actividades deportivas nos ximnasios e instalacións dependentes da Concellería de Deportes (5162-611)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación entrégase o informe asinado polo adxunto á xefatura e o xefe do Servizo de Deportes o 15 de maio de 2023 de valoración do sobre B "proposición avaliada mediante xuízo de valor" e o informe que corrixe o anterior asinado polo adxunto á xefatura e o xefe do Servizo de Deportes o 16 de maio de 2023, sendo aceptado, este último por unanimidade dos membros da Mesa.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

6.- Apertura económica

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro do equipamento necesario para a actualización do hardware da plataforma de almacenamento e arquivado corporativa do Concello de Vigo (9987-113)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses co licitador admitido. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

Procédese, en acto público, á descrición dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliada mediante fórmula" do único licitador admitido co seguinte resultado:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 18:26	Páxina 3 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5AD4E-C2D52C-4B26DD-RQVU4Q-BZLHG8-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



Licitador	Porcentaxe de redución do prezo do contrato	Incremento do almacenamento ofertado con respecto ao mínimo fixado na cláusula 3.A.g do PPT (48 discos SAS de 1800 GB = 84,4 TB)	Incremento do almacenamento total ofertado en formato Flush/SSD con respecto ao mínimo fixado na cláusula 3.A.h do PPT (15 discos SSD de mais 800G = 11,72 TB)	Incremento do almacenamento ofertado con respecto ao mínimo fixado na cláusula 3.B.g do PPT (16 discos NL-SAS de 16.000 GB = 250 TB)	Incremento do almacenamento ofertado con respecto ao mínimo fixado na cláusula 3.D.a do PPT (3.240 TB)	Almacenamento total ofertado (en TB) en formato Flush/SSD cláusula 3.D.b do PPT	Incremento de garantía respecto ao mínimo (36 meses)
EDNON, S.L.	0 %	0 TB	10,78 TB	31,25 TB	0 TB	0 TB	0 MESES

Asiste como público á apertura:

- D. Marcelo Rodrigo Arrazola Cabrera con DNI ***2946*-* en representación de EDNON, S.L.

En aplicación dos criterios recollidos no apartado 7D do Anexo I -FEC- e a cláusula 18.1.b do PCAP, constátase que a oferta non contén valores anormais ou desproporcionados, polo que procede outorgarlle a máxima puntuación sen necesidade de aplicar a fórmula ao abeiro do previsto na cláusula 16.3:

Licitador	Porcentaxe de redución do prezo do contrato	Incremento do almacenamento ofertado con respecto ao mínimo fixado na cláusula 3.A.g do PPT (48 discos SAS de 1800 GB = 84,4 TB)	Incremento do almacenamento total ofertado en formato Flush/SSD con respecto ao mínimo fixado na cláusula 3.A.h do PPT (15 discos SSD de mais 800G = 11,72 TB)	Incremento do almacenamento ofertado con respecto ao mínimo fixado na cláusula 3.B.g do PPT (16 discos NL-SAS de 16.000 GB = 250 TB)	Incremento do almacenamento ofertado con respecto ao mínimo fixado na cláusula 3.D.a do PPT (3.240 TB)	Almacenamento total ofertado (en TB) en formato Flush/SSD cláusula 3.D.b do PPT	Incremento de garantía respecto ao mínimo (36 meses)
EDNON, S.L.	30,00	10,00	10,00	15,00	10,00	5,00	20,00

Tendo en conta o anterior, a puntuación total do único licitador presentado, **EDNON, S.L.**, é de **100 puntos**.

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 18:26	Páxina 4 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5AD4E-C2D52C-4B26DD-RQVU4Q-BZLHG8-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do subministro do equipamento necesario para a actualización do hardware da plataforma de almacenamento e arquivado corporativa do Concello de Vigo (9987-113), na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	EDNON, S.L.	100,00

Segundo.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, EDNON, S.L. (B36938009), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.

b) Procedemento aberto para a contratación do subministro de medallas e trofeos para o desenvolvemento da promoción da práctica deportiva no ámbito das actividades deportivas desenvolvidas na Cidade de Vigo (22448-333)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses co licitador admitido. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

Procédese, en acto público, á descrición dos documentos que compoñen o sobre C “Proposición avaliable mediante fórmula” do licitador admitido co seguinte resultado:

Licitador	Porcentaxe de desconto único a aplicar aos prezos unitarios recollidos no apartado 3G da FEC:	Redución dos prazos máximos de entrega		
		Da medalla con personalización individual (55 mm diámetro)	Da medalla de calidade con personalización individual (65 mm diámetro)	Da medalla especial fundición de calidade para probas determinadas (65 diámetro)
1 CARLOS FERNANDEZ POL	20 %	- Redución do prazo ordinario a 1 días.	- Redución do prazo ordinario a 1 días.	- Redución do prazo ordinario a 14 días.
		- Redución do prazo urxente a 1 días.	- Redución do prazo urxente a 1 días	- Redución do prazo urxente a 14 días.

Non asiste público á apertura.

En aplicación dos criterios recollidos no apartado 7D do Anexo I -FEC- e a cláusula 18.1.b do PCAP, constátase que a oferta non contén valores anormais ou desproporcionados, polo que procede outorgarlle a máxima puntuación sen necesidade de aplicar a fórmula ao abeiro do previsto na cláusula 16.3:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 18:26	Páxina 5 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5AD4E-C2D52C-4B26DD-RQVU4Q-BZLHG8-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



	Licitador	Porcentaxe de desconto único a aplicar aos prezos unitarios recollidos no apartado 3G da FEC:	Redución dos prazos máximos de entrega establecidos no PPT
1	CARLOS FERNANDEZ POL	55,00	15,00

Tendo en conta a puntuación obtida polo licitador na súa proposición avaliable mediante xuízo de valor (25,50 puntos), a puntuación total é a seguinte:

	Licitador	Criterios xuízo valor	Criterios fórmula	Puntuación total
1	CARLOS FERNANDEZ POL	25,50	70,00	95,50

c) Procedemento aberto para a contratación dos servizos para o desenvolvemento dos servizos técnicos e docentes para as piscinas cubertas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e dos servizos para impartir ensinanzas e actividades deportivas nos ximnasiaos e instalacións dependentes da Concellería de Deportes (5162-611)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Procédese, en acto público, á descrición dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" do licitador admitido co seguinte resultado:

	Licitador	Prezo anual sen IVE dos servizos relativos ao funcionamento o e mantemento das instalacións obxecto do contrato	Prezo unitario do monitor - profesor	Porcentaxe de desconto a aplicar sobre o prezo unitario do termo variable da enerxía térmica útil en kw/h.	Incremento o con respecto ao importe anual mínimo destinado á substitución de materiais non funxibles.	Incremento do importe mínimo da póliza de responsabilidade de civil	Incremento o con respecto aos tres anos de experiencia a da persoa responsable do contrato .
1	FCC AQUALIA S.A.	8.580.842,34 €	22,80 €	3,00 %	20.000,00 €	61.000.000,00 €	5 ANOS
2	SERVEI D'ENSENYAMENT I ASSESSORAMENT ESPORTIU, SA	2.149.783,33 €	21,63 €	20,07 %	30.000,00 €	1.000.000,00 €	27 ANOS

Todos os licitadores presentan o orzamento detallado esixido no PCAP.

Asisten á apertura:

- D. Pedro Alonso Delgado con DNI ***7496*.* en representación de SERVEI D'ENSENYAMENT I ASSESSORAMENT ESPORTIU, SA (SEAE)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 18:26	Páxina 6 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5AD4E-C2D52C-4B26DD-RQVU4Q-BZLHG8-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



- D^a. Lydia Pena Paris con DNI ***4429*-* en representación de SERVEI D'ENSENYAMENT I ASSESSORAMENT ESPORTIU, SA (SEAE)
- D^a. Ana Arroyo Obis con DNI ***0086*-* en representación de FCC AQUALIA S.A.

Trala desenscriptación, apertura e lectura das proposicións contidas no sobre C, D. Pedro Alonso Delgado, con DNI ***7496*-* asistente a esta apertura en representación de SERVEI D'ENSENYAMENT I ASSESSORAMENT ESPORTIU, S.A. (SEAE), solicita aclaración sobre a proposta de FCC AQUALIA, S.A., en concreto, sobre o prezo anual sen IVE, ofertado por esta, dos servizos relativos ao funcionamento e mantemento das instalacións obxecto do contrato. A secretaria da mesa le de novo o importe tralo que D. Pedro Alonso Delgado fai unha observación referida a superación, na oferta de FCC AQUALIA, S.A., do orzamento base de licitación, do que sinala, deixa constancia.

A continuación, a Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor.

10.- Propostas de clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de medallas e trofeos para o desenvolvemento da promoción da práctica deportiva no ámbito das actividades deportivas desenvolvidas na Cidade de Vigo (22448-333)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do subministro de medallas e trofeos para o desenvolvemento da promoción da práctica deportiva no ámbito das actividades deportivas desenvolvidas na Cidade de Vigo na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	CARLOS FERNANDEZ POL	95,50

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CARLOS FERNANDEZ POL (36.045.005-A), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 18:26	Páxina 7 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5AD4E-C2D52C-4B26DD-RQVU4Q-BZLHG8-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 13:15, trala suspensión da mesma entre as 11:50 e as 13:00 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)

